

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

ACORDO do 25 de agosto de 2023, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude da declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto da infraestrutura de evacuación do parque eólico Vilartoxo (anteriormente nomeado solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo) no concello da Baña (A Coruña) (expediente IN408A 2020/158).

O 15 de outubro de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nº 199, o Acordo do 5 de outubro de 2021, da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico -PIA) do proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo, no concello da Baña (A Coruña) (expediente IN408A 2020/158).

O 1 de xuño de 2022 Greenalia Wind Power, S.L.U. (en diante, o promotor) presentou a solicitude para a declaración de utilidade pública (DUP) do expediente «IN408A 2020/158. Solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino-Vilartoxo», achegando xunto coa solicitude a documentación técnica correspondente.

O 22 de maio de 2023, o promotor presentou ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (DXPERN) nova documentación técnica, en substitución da presentada no seu día, adaptada á nova infraestrutura de evacuación, como consecuencia da DIA desfavorable do parque eólico Barrosino, emitida o 13.1.2023 polo órgano ambiental. Como consecuencia desta modificación actualízase a denominación do proxecto pasando a ser «Infraestrutura de evacuación do parque eólico Vilartoxo».

O 21 de xuño de 2023 e o 28 de xullo de 2023, o promotor presentou ante a DXPERN a documentación actualizada relativa á declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, do proxecto da infraestrutura de evacuación do parque eólico Vilartoxo. A dita documentación foi redirixida pola DXPERN a esta xefatura territorial co obxecto de proseguir coa súa tramitación.



En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/promotor: Green Capital Power, S.L. (NIF B85945475).

Enderezo para os efectos de notificacións: rúa Fernando de Casas Novoa 35, bloque B, 2º andar, porta B, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación do proxecto: infraestruturas de evacuación PE Vilartoxo (DUP) (anteriormente denominado: solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo).

Nº de expediente: IN408A 2020/158.

Concellos afectados: A Baña (A Coruña).

Obxecto da información pública:

A solicitude da declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica para as instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. Proxecto de infraestruturas de evacuación P.E. Vilartoxo, maio 2023 (número de visado V220357, do 18.5.2023).



2. A relación dos bens e dereitos afectados polo proxecto, concreta e individualizada dos propietarios (RBDA xullo 2023-asinada o 28.7.2023), que figura no anexo que se insire neste acordo.

3. Plano xeral parcelario do proxecto (28.7.2023).

4. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto (28.7.2023).

Polo exposto, o proxecto faise público, para o coñecemento xeral, así como, en particular, dos propietarios dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, e das persoas que sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidas, para que poidan examinar a documentación anteriormente relacionada e, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que xulguen oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ou nun dos xornais de maior circulación da provincia afectada, de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

A documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 82), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, así como na casa do Concello da Baña (A Coruña). Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través da seguinte ligazón:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

A Coruña, 25 de agosto de 2023

Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña





ANEXO

Anexo á relación de bens e dereitos afectados (RBDA) polo proxecto da infraestrutura de evacuación do parque eólico Vilartoxo no concello da Baña (A Coruña) (expediente IN408 2020/158)

Relación de bens e dereitos afectados

Tramo aéreo:

Nº predio	Titulares	Datos catastrais			Lugar	Uso	Afeccións				
		Ref. catastral	Políg.	Parcela			Apoio		Voo	Vieiro de acceso (m²)	Ocupación temporal (m²)
							Núm. (%)	Superficie (m²)	Superficie (m²)		
Concello da Baña											
1	Tosar Iglesias, José (herdeiros de)	15007A02100109	21	109	Campo Redondo	Labradío					47,41
2	Torreira Vázquez, Carmen	15007A02100108	21	108	Campo Redondo	Labradío	VIL-TRO 01 (PAS) (100 %)	20,34	73,28		312,59
3	Vieito Fandiño, Manuel	15007A02100107	21	107	Campo Redondo	Forestal			187,95		30,54
4	Torreira Allo, María Carmen (herdeiros de)	15007A02100106	21	106	Campo Redondo	Forestal			247,76		
5	Vilacoba Torreira, María Carmen	15007A02100104	21	104	Pousentes	Forestal	VIL-TRO 02 (100 %)	22,85	448,90	372,12	359,33
6	Beceiro Pais, José María	15007A02100105	21	105	Coton Grande	Forestal			1.533,43	291,27	6,05
	Deus Cebey, María Magdalena										
7	Tosar Iglesias, José (herdeiros de)	15007A02100119	21	119	Agro do Campo Redondo	Prados			249,10	69,45	
8	Tosar Iglesias, José (herdeiros de)	15007A02100120	21	120	Agro do Campo Redondo	Prados			261,16	73,16	
9	Tosar Iglesias, Carmen (herdeiros de)	15007A02100121	21	121	Agro do Campo Redondo	Prados			243,32	70,49	
10	Tosar Iglesias, José (herdeiros de)	15007A02100122	21	122	Agro do Campo Redondo	Prados			227,66	70,32	
11	Tosar Quintáns, María Carmen	15007A02100123	21	123	Agro do Campo Redondo	Forestal			164,52	55,52	





Nº predio	Titulares	Datos catastrais			Lugar	Uso	Afeccións				
		Ref. catastral	Políg.	Parcela			Apoio		Voo	Vieiro de acceso (m²)	Ocupación temporal (m²)
							Núm. (%)	Superficie (m²)	Superficie (m²)		
12	Ríos Vieito, José	15007A02100124	21	124	Campo Redondo	Forestal			250,70	99,76	83,14
13	Ríos Vieito, José	15007A02100125	21	125	Campo Redondo	Forestal	VIL-TRO 03 (100 %)	5,52	89,59	19,83	223,31
14	Silva Vieito, Carmen	15007A02100127	21	127	Agro de Rozas	Forestal			10,10		
15	Vieito Mesías, Manuela	15007A02100131	21	131	Regueiro de Parada	Forestal			1.296,71		
16	Silva Rodríguez, Manuel	15007A02100132	21	132	Coton dos Allos	Matogueira			590,49		142,61
17	Vieito Vieito, Manuel	15007A02100140	21	140	Regueiro de Parada	Forestal			867,26		
18	Silva Rodríguez, Manuel	15007A02100128	21	128	Monte de Lañas	Forestal			39,95		
19	Pais Guerra, Elisardo Francisco	15007A02100129	21	129	Monte de Lañas	Forestal			303,44		109,20
	Lens Liñares, María Dolores										
20	Nieto Forján, Jesús Francisco	15007A02100130	21	130	Monte de Lañas	Forestal	VIL-TRO 04 (100 %)	3,17	442,24	127,66	319,59
21	Pais Puga, Estrella (herdeiros de)	15007A02100223	21	223	Monte de Lañas	Forestal			0,47		
22	Vieito Esturao, María Asunción Dolores	15007A02100209	21	209	Agro de Paradas	Forestal			0,16		
23	Serrano Liñares, Balbina Matilde	15007A02100213	21	213	Agro de Paradas	Forestal			222,09	187,14	
24	Liñares Pazos, Germán	15007A02100214	21	214	Agro de Paradas	Forestal			811,33	130,52	
	Pais Puga, Estrella (herdeiros de)										
25	Pais Puga, Herminio	15007A02100215	21	215	Agro de Paradas	Forestal			1.807,21	271,60	
26	Pais Puga, Estrella (herdeiros de)	15007A02100207	21	207	Agro do Muíño	Forestal			617,42		
27	Vieito Fernández, Jesús (herdeiros de)	15007A02100216	21	216	Monte de Lañas	Forestal	VIL-TRO 05 (100 %)	5,52	1.285,07	714,48	445,84
28	Vigo Castro, Alfredo	15007A50801083	508	1083	Esquina Bería	Forestal			1.106,37		
29	Vieito Mesías, Manuela	15007A50800167	508	167	Víña	Forestal	VIL-TRO 06 (100 %)	3,61	2.193,30	117,04	434,00
30	Silva Vieito, Carmen	15007A50800168	508	168	Víña	Forestal			1.697,30		





Nº predio	Titulares	Datos catastrais			Lugar	Uso	Afeccións				
		Ref. catastral	Políg.	Parcela			Apoio		Voo	Vieiro de acceso (m²)	Ocupación temporal (m²)
							Núm. (%)	Superficie (m²)	Superficie (m²)		
31	Pais Puga, Estrella (herdeiros de)	15007A50800169	508	169	Borres de Abaixo	Forestal			211,76		
32	Pais González, María Dolores	15007A50800166	508	166	Esquina Beria	Forestal	VIL-TRO 07 (100 %)	2,92	174,13	199,33	421,13
33	Landeira Dopazo, Manuel (herdeiros de)	15007A50700014	507	14	Borres de Abaixo	Labradío			188,52		
34	Ardións Pensado, Sara	15007A50800175	508	175	Os Sistos	Forestal			125,02		
35	Ardións Pensado, Sara	15007A50800174	508	174	Os Sistos	Forestal					
36	Vieito Vieito, Avelina	15007A50800170	508	170	Os Sistos	Forestal			913,04		
37	Vieito Vieito, Carmen	15007A50800171	508	171	Os Sistos	Forestal	VIL-TRO 08 (100 %)	3,53	1.734,79	410,97	433,21
38	Vieito Ardións, Severino (herdeiros de)	15007A50800173	508	173	Os Sistos	Forestal			423,29	180,99	
39	Quintáns Vilacoba, José	15007A50800182	508	182	Viña	Forestal	VIL-TRO 09 (100 %)	2,92	2.475,38	147,30	423,58
40	Quintáns Vilacoba, José	15007A50800096	508	96	Campelo	Forestal			43,06		
41	Calvo Vieito, Roberto	15007A50800095	508	95	Campelo	Forestal	VIL-TRO 10 (100 %)	2,92	1.231,50	91,28	426,44
42	Ramas Casas, José María	15007A50801114	508	1114	Trascoreixe	Forestal			182,25		
43	Ramas Casas, Manuel	15007A50801115	508	1115	Trascoreixe	Forestal			573,64		
44	Turnes Vieito, Julio	15007A50800088	508	88	Lamas	Forestal			1.156,36		
45	Quintáns Vilacoba, José	15007A50700156	507	156	Lamas	Forestal			153,04		
46	Vieito Turnes, María de la Luz	15007A50800085	508	85	Tras Corexe	Matogueira	VIL-TRO 11 (100 %)	3,80	937,17	206,75	435,98
	Ouro Vieito, Javier										
47	Pena Varela, Jesús Manuel	15007A50800084	508	84	Agro	Labradío			122,61		
48	Pena Varela, Jesús Manuel	15007A50700155	507	155	Agra Lamas	Labradío			1.690,63		
49	Pais Baña, José	15007A50700154	507	154	Lamas	Prados			14,98		
50	Pais Baña, José	15007A50800077	508	77	Agro Lamas	Prados			237,95		



Nº predio	Titulares	Datos catastrais			Lugar	Uso	Afeccións				
		Ref. catastral	Políg.	Parcela			Apoio		Voo	Vieiro de acceso (m²)	Ocupación temporal (m²)
							Núm. (%)	Superficie (m²)	Superficie (m²)		
51	Pais Salvante, Manuel	15007A50800076	508	76	A Costa	Matogueira			122,27		
52	Baña Casal, Jesús	15007A50800070	508	70	A Costa	Forestal	VIL-TRO 12 (100 %)	3,80	484,09	88,33	420,05
53	Quintáns Romero, María Sara (herdeiros de)	15007A50800069	508	69	Pedra Segunda	Forestal			88,16		
54	Pais Varela, Manuel	15007A50800075	508	75	A Costa	Forestal			768,43		
55	Pais Varela, Manuel	15007A50800043	508	43	A Costa	Labradío-Forestal	VIL-TRO 13 (100 %) VIL-TRO 14 (PAS) (100 %)	26,38	3.196,26	959,37	2.099,72

Afeccións tramo aéreo:

– Superficie de expropiación de pleno dominio dos terreos afectados:

Apoio: expropiación total en metros cadrados (m²).

– Servidume de paso:

Vieiro de acceso: servidume de paso temporal dos vieiros polos que circularán os transportes durante a construción da liña, así como durante a súa etapa de mantemento, en metros cadrados (m²).

– Servidume de voo:

Voo: servidume de voo en metros lineais (ml) e metros cadrados (m²).

– Ocupación temporal apoio: ocupación temporal dos terreos de necesaria ocupación durante as obras, en metros cadrados (m²).